



## Novos movementos... Nova xente moza? Nova pastoral? Nova Igrexa?<sup>1</sup>

---

Alberto Cano Areas, S.J. e Álvaro Lobo Arranz, S.J.

### 1.- Un novo auxe dos movementos eclesiais

A época posconciliar trouxo consigo un auxe excepcional dos novos movementos e das novas comunidades eclesiais. Sen dúbida, a teoloxía do laicado desenvolta durante o Concilio Vaticano II supuxo un gran estímulo para estas novas formas asociativas, algunhas delas compostas enteiramente por laicos e outras con características mixtas. Neste sentido, o decreto *Apostolicam actuositatem* (1965) –sobre o apostolado dos laicos– e a constitución pastoral *Gaudium et spes* (1965) –sobre a Igrexa no mundo actual– ofreceron unha ampla lexitimidade teolóxica para os movementos xa existentes e para os que daquela se empezaban a desenvolver. Con todo, foron os pontificados de Paulo VI e –sobre todo– de Xoán Paulo II os que impulsaron con gran intensidade o fenómeno asociativo laical. Xoán Paulo II –para moitos «o papa dos movementos»– facíase eco xa en *Redemptor hominis* (1979), a súa encíclica programática, do «dinamismo excepcional» das novas organizacións de apostolado seglar. E na súa exhortación apostólica possinodal *Christifideles laici* (1988), sobre a vocación e misión dos laicos na Igrexa e no mundo, falaba dunha «nova época asociativa dos fieis laicos» caracterizada pola súa «particular variedade e vivacidade». Así, tanto o carácter laico dos novos movementos eclesiais como o rol mesmo do laicado na Igrexa católica poden

---

1 O núcleo central desta reflexión apareceu inicialmente nun artigo recente publicado pola revista *Vida Nueva*: Álvaro Lobo e Alberto Cano, «Nuevos movimientos pastorales: Moda, riesgo u oportunidad?», *Vida Nueva* 3328 (2023): 21-32.